




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 P.C.L	Documento 21116I01KQ	
Código de verificación  1304 6A0U 4H4W 104W 0S3I	Expediente 211/2022/2	
	Fecha 21-04-2022	

ASUNTO: Proposta de resolución provisional da convocatoria de bolsas para deportistas individuais do Concello da Coruña. Ano 2022.

### **PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE EDICTOS**

A Concellería de Deportes do Concello da Coruña convocou para o ano 2022, a través do acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de febreiro de 2022, as bolsas para deportistas individuais do concello da Coruña. Ano 2022

O extracto deste acordo da Xunta de Goberno Local foi publicado mediante anuncio no BOP número 27, do 9 de febreiro de 2022, coa seguinte referencia: Ref. 211/2022/2 Convocatoria Deportes – BDNS (Identif.): 609190

Emitida o día 21 de abril de 2022 a proposta de resolución provisional da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia da dita proposta para coñecemento xeral.

De acordo co establecido na Base 14 das Bases reguladoras desta convocatoria, e no artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

Infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 5 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña; do 23 ao 27 de abril de 2022, ambos incluídos.

Neste prazo as persoas interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento

O xefe do servizo de Deportes

Fernando Pérez San Vicente